



CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

DE FEBREIRO A NOVEMBRO DE 2022

PROGRAMACIÓN DO CENTENARIO DO
NACEMENTO DE MARÍA CASARES (1922-2022)

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



MARÍA CASARES E A CIDADE INVISIBLE

“A cidade non di o seu pasado, conteno como as liñas dunha man, escrito nos ángulos das rúas, nas reixas das xanelas, nos pasamáns das escaleiras, nas antenas dos pararraios, nos mastros das bandeiras, sucado á súa vez cada segmento por raspaduras, marcas, incisións, canonazos”.

Así describe Italo Calvino as cidades invisibles. Hai unha Coruña que é, unha Coruña que foi e unha Coruña que puido ser. Hai nomes borrados do Rexistro Civil no ano 36. Hai unha nena en París que non sente exiliada, que non o fará durante moitos anos, ata que -outra vez, como describe Calvino- “ chega un momento da vida no que a xente que coñeceu son máis os mortos que os vivos. E a mente négase a aceptar outras fisonomías, outras expresións”.

A primeira patria de María Casares foi a súa infancia coruñesa. A súa familia, a España refuxiada. A súa razón de ser, as mil vidas que puido vivir a través do teatro. María Casares -a actriz indiscutible - encarna mellor que ninguén a capacidade humana de habitar outros corpos, de amar outras patrias a través da arte. Demostra que Europa existe tamén no trágico. “Exiliarme ensinoume que as fronteiras non existen, ou polo menos que non están onde as sinalan os mapas”, dixo nunha ocasión.

María Casares nunca volveu a Galicia, probablemente porque nunca marchou de todo, como indica a música do seu acento galego que en español nunca perdeu. A pesar da distancia, do esquecemento ou do Rexistro Civil. E porque nunca marchou de todo, a súa cidade non pode facer outra cousa que honrar a súa figura no centenario do seu nacemento. A actriz das mil vidas, á que a crítica francesa compara a Sarah Bernhardt. A nena da rúa Panadeiras.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



CENTENARIO MARÍA CASARES. A MIÑA PATRIA É O TEATRO

No 2022 celébrase o centenario do nacemento de María Casares. Unha efeméride idónea para saldar unha débeda coa memoria da cidade e coa propia familia Casares. Unha oportunidade singular para achegar ao público a gran figura dunha das intérpretes máis soadas do século XX.

Coa vontade de renderlle homenaxe e recuperar a súa memoria, desde a Xunta de Galicia propoñemos a celebración de *María Casares: do exilio ao escenario*, unha programación cultural vinculada ao universo creativo e interpretativo da actriz máis relevante da historia da cidade. Unha cartografía non só dos lugares, senón da memoria, nos que a autora de *Residente privilexiada* habitou, traballou e exhibiu o seu talento.

O Museo Belas Artes A Coruña será o escenario que acolla, entre os meses de febreiro e novembro de 2022, un ciclo de conferencias e encontros abertos ao público con personalidades relevantes do mundo das artes e da cultura que coñeceron, desde a proximidade, o traballo de María Casares. Figuras de primeiro nivel ofrecerán o seu testemuño, experiencia e memoria para situar a María Casares no lugar que sempre lle correspondeu no imaxinario colectivo. Lonxe do exilio. Na súa terra.

En 2022 celebramos o centenario de María Casares, Vitoliña, Vitola. O ano da moza que, cen anos despois, regresará a súa cidade. Na que o seu nome xamais volverá ser arrebatado da nosa historia e do pretendido esquecemento.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



Mércores 09 febreiro

SAÚDO DE CATHERINE CAMUS
JOHANNA SILBERSTEIN

*Nacer española e morrer francesa
"Os dominios da Vergne na historia
de María Casares"*

FELIPE PEÑA

Panaderas doce

Mércores 16 marzo

ANNE PLANTAGENET

Coraxe e desvergonza

LLUÍS PASQUAL

Espectador privilexiado

Mércores 11 maio

JOSEP MARÍA FLOTATS

María casares: vontade e forza

JORGE LAVELLI

*María extraordinaria, excepcional,
inesquecible artista e amiga entrañable*

Mércores 21 setembro

TINA SAINZ

Alma de meiga, corazón libre

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU

A recepción de María Casares en España

Mércores 19 outubro

MARÍA LOPO

Memoria e vida dunha actriz exiliada

PEDRO SOLER

María Casares e a cultura española

Martes 22 novembro

BORJA ORTIZ DE GONDRA

María Casares e a memoria

efémera do teatro

MARÍA DELGADO

A actriz do exilio

Conferencias ás 19:30 h.
Entrada de balde ata completar a capacidade do espazo.
Programa suxeito a modificacións.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



Mércores 09 febreiro

Nacer española e morrer francesa "Os dominios da Vergne na historia de María Casares"

JOHANNA SILBERSTEIN

A actriz Johanna Silberstein codirixe a Maison Maria Casarès dende 2017 xunto a Matthieu Roy, co que tamén desenvolve unha intensa actividade teatral no seo da compañía Veilleur. Entre ambos levaron a escena sobre todo espectáculos de autores contemporáneos como Jean-Luc Lagarce, Christophe Pellet, Mariette Navarro ou Marius von Mayenburg. É membro do colectivo *À mots découverts - experimentation des écritures contemporaines* centrado no desenvolvemento e descubrimento de novas dramaturxias. Compaxina a súa profesión coa docencia de talleres de iniciación e sensibilización teatral.

No 2021 foi condecorada como Cabaleiro das Artes e das Letras.



Mércores 09 febreiro

Panaderas doce

FELIPE PEÑA

O arquitecto Felipe Peña Pereda (Madrid) simultaneou a súa profesión coa docencia na Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña dende 1976 ata a súa xubilación en 2015. Dende aquela é Profesor Honorario e colabora en programas internacionais sobre a rehabilitación do Patrimonio Europeo coas escolas de Clermont-Ferrand, Regensburg, Erevan e Lovaina. Tamén é articulista en xornais e revistas de arquitectura.

Foi presidente da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia entre 1999 e 2009. No ano 2000 recibiu a encarga da rehabilitación da casa familiar dos Casares Quiroga na Coruña. O edificio actualmente funciona como casa visitable e centro cultural para temas da memoria histórica.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



Mércores 16 marzo

Coraxe e desvergonza

ANNE PLANTAGENET

A escritora Anne Plantagenet (Joigny) pasou a súa infancia na rexión do Aube e logo viviu en Dijon, Londres e Sevilla antes de se establecer en París. Impartiu clases no estranxeiro e no Instituto de Estudos Políticos de París. Tamén dirixe talleres de escritura e é conferenciante habitual en escolas. É autora dunha quincena de libros, novelas, contos, relatos, biografías e unha trintena de traducións do español.

Os seus textos exploran a cuestión da identidade, o exilio, a parella e o amor. O seu último libro, *L'Unique, Maria Casarès*, dedicado á actriz galega e baseado na súa correspondencia amorosa con Albert Camus, foi publicado en España por Alba Editorial con tradución de Juan Vivanco.



Mércores 16 marzo

Espectador privilexiado

LLUÍS PASQUAL


Lluís Pasqual (Reus) iniciouse na dirección teatral en 1968 con *Roots*, de Arnold Wesker. Foi un dos fundadores do Teatre Lliure de Barcelona e estivo a cargo da súa dirección durante os anos 1998-2000 e 2011-2018. Ao longo da súa carreira foi director do Centro Dramático Nacional, do Odéon-Théâtre de l'Europe de París, responsable do apartado escénico da Bienal de Venecia entre 1995 e 1996 e comisario do Proxecto Ciutat del Teatre de Barcelona entre 1997 e 1999. En 2004 entrou a formar parte do Teatro Arriaga de Bilbao como asesor artístico e tamén se incorporou ao proxecto do Teatro Soho CaixaBank en Málaga.

Recibiu galardóns como o Premio Nacional de Teatro da Generalitat, o Premio Nacional de Teatro do Ministerio de Cultura, o Premio Cidade de Barcelona ou o Premio Atlántida 2018 ademais de condecoracións como as de Cabaleiro e Oficial das Artes e das Letras e o Cabaleiro da Lexión de Honra outorgados por Francia, a Cruz de Sant Jordi da Generalitat de Catalunya, e, máis recentemente, a Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes 2018.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



Mércores 11 de maio

María Casares: vontade e forza



Fotografía ©Photo Lot

Mércores 11 de maio

María extraordinaria, excepcional, inesquecible artista e amiga entrañable

JOSEP MARÍA FLOTATS

O actor e director Josep María Flotats (Barcelona) formouse na Escola Nacional Superior de Arte Dramático de Estrasburgo. Entre 1963 e 1983 residiu en París, onde desenvolveu un intenso labor teatral e ingresou en 1981 na Comédie Française da que é *Sociétaire* dende 1982. Tras o seu regreso a Barcelona en 1983 fundou a Companyia Flotats así como o Teatre Nacional de Catalunya, do que foi a seu primeiro director. En 1998 creou unha produtora de seu en Madrid actualmente coñecida como *Taller 75 S.L.*

O labor de Flotats está recoñecido por numerosos premios como o Gérard-Philipe, o da Crítica Francesa, o Premio Nacional de Teatro ou o Premio Nacional de Interpretación da Generalitat de Catalunya. Tamén recibiu condecoracións como as de Cabaleiro e Oficial da Lexión de Honra, Oficial da Orde das Artes e as Letras, a Cruz de Sant Jordi e a Medalla de Ouro ao Mérito ás Belas Artes.

JORGE LAVELLI

O director de teatro e de ópera Jorge Lavelli (Bos Aires) chegou a París en 1960 e axiña comezou a destacar pola posta en escena de espectáculos experimentais e de investigación. En 1964 dirixiu por primeira vez a María Casares en *Divinas palabras* de Valle-Inclán en Bos Aires e partir daquela converteríase no director fetiche da actriz.

Ao longo da súa carreira, Lavelli consolidouse como un dos directores teatrais máis importantes de Francia e mais deixou tamén a súa pegada noutros países europeos e en Latinoamérica. En 1969, no Festival de Aviñón, estreou unha nova forma de teatro musical coa que deu comezo á súa faceta de director de ópera. Un dos fitos máis salientables da súa prolífica traxectoria é a fundación do novo Théâtre National de la Colline en 1987, que dirixiu ata 1996 e que dedicou á dramaturxia e á creación contemporáneas.

Na carreira de Jorge Lavelli abundan os premios e distincións, entre os que destacan os concedidos en Francia, país do que posúe a nacionalidade dende 1977. Entre eles atópanse os de Cabaleiro e Oficial da Orde Nacional do Mérito, Comendador da Orde das Artes e das Letras, Cabaleiro da Lexión de Honra e o Gran Premio das Artes da Escena da Cidade de París polo conxunto da súa obra.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



Mércores 21 setembro

*Alma de meiga,
corazón libre*

TINA SAINZ

A actriz Tina Sainz (Madrid) comezou e desenvolveu boa parte da súa carreira profesional no teatro, pero o seu rostro fíxose moi popular grazas á televisión onde era habitual vela en 'Estudio 1'. Tamén se prodigou no cinema onde foi dirixida por Pedro Lazaga, Pedro Masó, Eloy de la Iglesia ou José Luis Garci, entre outros. Participou en coñecidas series da pequena pantalla como *Compañeiros*, *Mis adorables veciños* ou *As rapazas do cable*.

Entre os galardóns que recibiu ao longo da súa carreira figuran a Medalla de Ouro de Valladolid, o Premio da Crítica do Festival de Televisión de Montecarlo, tres TP de Televisión, a Medalla ao Mérito das Belas Artes e o Premio 'Amigos do Teatro' Cidade e Provincia de Valladolid. Tamén foi nomeada aos premios Goya en dúas ocasións.

Grande amiga de María Casares, interpretou con ela *El adefesio* de Alberti en Madrid en 1976.



Mércores 21 setembro

*A recepción de María
Casares en España*

JOSÉ LUIS MÉNDEZ ROMEU

José Luis Méndez Romeu (A Coruña) é doutor en Estudos Literarios e licenciado en Filosofía, Letras e Ciencias da Educación. Foi concelleiro de Educación e Cultura no concello da Coruña, secretario de Estado de Cooperación Territorial e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Na actualidade exerce como articulista político en Mundiario e en setembro do pasado ano publicou o libro *España en discordia*. Tamén en 2021 se doutorou en Literatura en lingua española e literatura comparada coa tese titulada *Valle-Inclán na ópera: problemas de tradución intersemiótica*, un traballo no que Méndez Romeu estuda as adaptacións á ópera do creador do esperpento.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



Mércores 19 de outubro

***Memoria e vida dunha
actriz exiliada***

MARÍA LOPO

María Lopo (Vigo) é doutora en Literatura Francesa, ensaísta e tradutora. Publicou dez libros e máis de sesenta artigos, estudos e traducións nos que aborda, entre outros temas, as poesías bretoa e francófona, o surrealismo, o celtismo literario, a relación entre literatura e identidade, o sexismo na didáctica da lingua francesa ou as culturas do exilio español nas súas conexións francesas.

Como especialista na figura de María Casares, ten disertado sobre ela en numerosas ocasións, tanto en Francia como en Galicia, e mais leva publicado unha decena de artigos nos que se ocupa da súa vida e da súa obra. Dedicoulle o texto teatral *O meu nome é María Casares* (2007), adaptado para a escena por Sarabela Teatro como *María Casares. A vida triunfante* (2008), editou a correspondencia intercambiada co seu pai Santiago Casares Quiroga no libro *Cartas no exilio* (2008) e publicou a monografía sobre as súas conexións galegas *O tempo das mareas. María Casares e Galicia* (2016).



Mércores 19 de outubro

***María Casares e a cultura
española***

PEDRO SOLER

Pedro Soler (Toulouse) iniciouse na arte flamenca da man dos andaluces exiliados da súa cidade natal. Posteriormente o cantaor Jacinto Almadén levaríao a Madrid onde se relacionaría con figuras sobranceiras como o guitarrista Pepe de Badajoz, a bailaora La Jolito ou Pepe de la Maltrona e Juan Varea.

Ao longo da súa carreira acompañou a María Casares, Carmen Albéniz, Enrique Morente, Miguel Vargas, Carmen Linares, Atahualpa Yupanqui, Óscar Cáceres, Renaud García Fons, Beñat Achiary, Ravi Prasad, Raúl Barboza, Germaine Montero e Anne Alvaro, entre outros.

Xunto ao seu fillo o violonchelista Gaspar Claus gravou os discos: *Barlande* (2010), *Al viento* (2016) e *Montañesa* (2017), este último tamén coa participación da cantaora flamenca Inés Bacan.

CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares

Do exilio ao escenario



Fotografía ©Lisbeth Salas

Martes 22 de novembro

María Casares e a memoria efémera do teatro

BORJA ORTIZ DE GONDRA

Borja Ortiz de Gondra (Bilbao) graduouse en Dereito, Teatro e Tradución. Ao longo da súa traxectoria como dramaturgo obtivo, entre outros premios, o Calderón de la Barca, o Lope de Vega e o Max á Mellor Autoría Teatral. As súas obras representáronse en Arxentina, España, Francia, México ou Romanía e mais traducíronse a varios idiomas, como é o caso de *Duda razonable* ou *Memento mori*.

Da súa produción teatral destaca a triloxía familiar integrada por *Los Gondra (una historia vasca)*, *Los otros Gondra (relato vasco)* e *Los últimos Gondra* (memorias vascas). Nesta serie o autor explora as posibilidades da autoficción no teatro a través de obras sobre a súa propia familia. Na súa faceta de intérprete traballou en organismos internacionais e traduciu ao castelán literatura anglosaxoa e francesa. Residiu en París e Xenebra e na actualidade vive entre Nova York e Madrid. No 2021 publicou a súa primeira novela: *Nunca serás un verdadero Gondra*.



Martes 22 de novembro

A actriz do exilio

MARÍA DELGADO

María Delgado (Londres) é catedrática de Teatro e Cinema e vicerreitora en The Royal Central School of Speech and Drama da University of London. Exerce como crítica en numerosos medios de comunicación e é tamén correspondente de teatro español para *Western European Stages* e *The Theatre Times*. Forma parte do comité do International Ibsen Award e selecciona películas españolas e latinoamericanas para a programación do London Film Festival.

Como autora e coeditora é responsable dunha ducia de libros entre os que destacan *Contemporary European Theatre Directors* e *A History of the Theatre in Spain*. Unha das súas obras máis singulares é *“Otro” teatro español: supresión e inscrición en la escena española de los siglos XX y XXI*, unha visión da historia do teatro español a través de seis artistas, entre os que figura María Casares.



CICLO DE CONFERENCIAS

María Casares
